



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 2 de xullo de 2026, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de cultura, educación, turismo, medio ambiente, benestar animal, deportes e xuventude do 23 de xullo de 2026.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE TEO

EXPEDIENTE : 2026/G013/000001

Aprobada a Lei 7/2022 de Residuos e Solos , o Concello de Teo procedeu a modificar a taxa polo servizo de recollida de residuos urbanos aprobada definitivamente polo pleno do concello o 29 de outubro do 2025.

A lei de residuos estatal pretende establecer un novo réxime xurídico da prevención , produción e xestión de residuos e dos chans contaminados.

O concello de Teo en manifestación do principio de autonomía local e da potestade regulamentaria iniciou a elaboración da ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE TEO.

Co fin de garantir as condicións adecuadas de salubridade pública, benestar cidadán, limpeza e ornato do espazo público contribuíndo a debida protección da saúde das



CONCELLO DE TEO

persoas e do medio ambiente. A presente ordenanza ten por obxecto regular o depósito, a recollida, o almacenamento, transporte, valorización, tratamento e a eliminación dos residuos domésticos ou urbanos xerados no termo municipal.

Así mesmo, esta ordenanza pretende fomentar comportamentos e actitudes encamiñadas a manter o municipio limpo e a promover a prevención na xeración de residuos, a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, de acordo cos principios da economía circular e da sustentabilidade ambiental.

No exercicio das competencias municipais, a presente ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo interpretarse e aplicarse en todo momento de conformidade coa normativa vixente.

Co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas someteu a consulta pública o borrador de Ordenanza co obxectivo de dar audiencia os cidadáns afectados e recabar cantas aportacións puidesen facerse polas entidades publicouse na sede electrónica municipal e na páxina web con data 26/05/2026 durante 10 días de conformidade co artigo 133.2 da lei 39/2015.

Visto o informe da técnico de medio ambiente do 17 de abril de 2026 e da secretaria adxunta do 29 de xuño de 2026, en virtude do exposto, de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE TEO segundo se detalla a continuación, incorporándose como anexo I o texto da mesma

SEGUNDO - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Publíquese así mesmo no portal de transparencia do Concello de Teo.

TERCEIRO.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o



CONCELLO DE TEO

prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei.

Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

ANEXO I

ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE TEO “

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP), dous en contra (2 BNG) e tres abstencións (3 PSdeG-PSOE), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE TEO segundo se detalla a continuación, incorporándose como anexo I o texto da mesma

SEGUNDO - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Publíquese así mesmo no portal de transparencia do Concello de Teo.

TERCEIRO.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da



CONCELLO DE TEO

Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei.

ANEXO I

ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE TEO

ÍNDICE

PREÁMBULO.....	6
TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS.....	9
Artigo 1.- Obxecto e réxime xurídico.....	9
Artigo 2.- Ámbito de aplicación.....	9
Artigo 3.- Competencias locais.....	9
Artigo 4.- Ámbito lexislativo.....	10
Artigo 5.- Obrigas xerais.....	10
Artigo 6.- Dereitos e participación da cidadanía.....	11
TÍTULO 1.- XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS.....	12
Capítulo I. Consideracións xerais en torno aos residuos.....	12
Artigo 7.- Residuos domésticos ou municipais.....	12
Artigo 8.- Depósito de residuos.....	13
Artigo 9.- Clasificación dos residuos municipais e dos produtores.....	13
Artigo 10. - Residuos municipais ordinarios:.....	14
Artigo 11. - Residuos municipais especiais.....	16
Artigo 11.- Titularidade dos residuos:.....	19
Artigo 12.- Obriga e responsabilidades dos produtores e posuidores dos residuos:.....	19
Artigo 13. – Prohibicións.....	20
Artigo 14.- Rexistro das actividades de xestión de residuos municipais.....	23
TÍTULO II. DA RECOLLIDA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS.....	24
Capítulo I. Recollida dos residuos municipais ordinarios.....	24



CONCELLO DE TEO

Sección 1ª. Servizo municipal de recollida de residuos ordinarios.....	24
Artigo 15.- Recollida selectiva xeral de residuos.....	24
Artigo 16.- Operacións comprendidas no servizo de recollida selectiva.....	24
Artigo 17. Outras recollidas específicas de residuos ordinarios.....	25
Artigo 18. Programación dos servizos.....	25
Sección 2ª. Recollida de residuos domiciliarios e de pequenos produtores. .	25
Artigo 19. Sistema de recollida en colectores de uso colectivo.....	25
Artigo 20. Recollida de residuos e localización de colectores en novas edificacións, urbanizacións e implantacións.....	26
Artigo 21. Presentación dos residuos ordinarios e normas de utilización dos colectores de uso colectivo.....	27
Artigo 22. Horarios de depósito.....	27
Sección 3ª. Servizo de recollida ordinaria de medianos e grandes produtores	28
Artigo 23. Formas de recollida para medianos e grandes produtores.....	28
Capítulo II. Recollida dos residuos municipais non ordinarios ou especiais.....	28
Sección 1ª. Disposicións xerais.....	28
Artigo 24.- Concepto de residuos municipais non ordinarios ou especiais....	28
Artigo 25.- Tipoloxías de residuos non ordinarios ou especiais.....	28
Artigo 26.- Punto limpo.....	29
Sección 2ª. Servizo municipal especial de recollida.....	30
Artigo 27. – Definición.....	30
Artigo 28. Solicitude e condicións do servizo.....	30
Sección 3ª. Residuos voluminosos.....	30
Artigo 29. – Concepto.....	30
Artigo 30. Xestión dos residuos voluminosos.....	30
Sección 4ª. Animais de compañía mortos.....	31
Artigo 31. – Inclusións e exclusións.....	31
Artigo 32. - Xestión dos animais de compañía mortos.....	31
Artigo 33. - Condicións de entrega.....	31
Artigo 34. - Animais mortos abandonados.....	31
Sección 5ª. – Residuos de construción e demolición procedentes de obras menores	



CONCELLO DE TEO

.....	32
Artigo 35. - Concepto.....	32
Artigo 36. - Xestión.....	32
Sección 6ª. – Outras tipoloxías de residuos non ordinarios.....	32
Artigo 37. - Residuos de poda e xardinería.....	32
Artigo 38. - Pilas, acumuladores e baterías.....	32
Artigo 39. - Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.....	33
Artigo 40. - Medicamentos e residuos de envases de medicamentos.....	33
Artigo 41. - Aceites usados.....	33
Artigo 42. - Roupas usada e residuos téxtiles.....	33
Artigo 43. - Residuos sanitarios.....	33
Artigo 44. - Vehículos abandonados.....	34
Artigo 45. - Outras tipoloxías de residuos.....	34
TÍTULO III. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.....	34
Capítulo I. Disposicións xerais.....	34
Artigo 46.- Responsabilidade.....	34
Artigo 47. Inspección e vixilancia.....	35
Artigo 48. Denuncias.....	35
Artigo 49. Réxime sancionador.....	35
Artigo 50. Obriga de reposición, restauración e execución subsidiaria.....	35
Artigo 51. Traballos en beneficio da comunidade.....	36
CAPÍTULO II. TIPIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS.....	36
Artigo 52. – Infraccións.....	36
Artigo 53.- Infraccións leves.....	37
Artigo 54.- Infraccións graves.....	37
Artigo 55.- Infraccións moi graves.....	38
CAPÍTULO III. SANCIÓN.....	38
Artigo 57.- Sancións.....	39
Artigo 58.- Prescrición das sancións.....	39
Artigo 59.- Gradación das sancións.....	39
Artigo 60.- Potestade sancionadora.....	40



CONCELLO DE TEO

Artigo 61.- Publicidade das sancións.....	40
DISPOSICIÓN ADICIONAIS.....	40
Disposición adicional primeira.- Xustificación da xestión de residuos dos medianos e grandes produtores.....	40
Disposición adicional segunda.- Protección da saúde e prevención de riscos laborais	41
Disposición adicional terceira.- Sistemas específicos de recollida e novas fraccións	41
Disposición adicional cuarta.- Desenvolvemento e interpretación.....	41
DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.- Rexistro de xestores e inscrición	41
DISPOSICIÓN DEROGATORIA.....	42
DISPOSICIÓN FINAL.....	42

PREÁMBULO

A preocupación por unha adecuada xestión dos residuos é relativamente recente, pois xorde a finais do pasado século XX, como consecuencia da crecente evidencia dos impactos ambientais derivados do modelo tradicional de produción e consumo. Este contexto supuxo unha profunda transformación na percepción das relacións entre o ser humano e o medio natural.

Durante décadas prevaleceu unha concepción do desenvolvemento baseada na idea dun crecemento ilimitado, no que a natureza se entendía como unha fonte inesgotable de recursos e ao mesmo tempo como un sumidoiro capaz de absorber indefinidamente os residuos xerados pola actividade humana. Neste marco, especialmente nas áreas urbanas, consolidouse un modelo de funcionamento caracterizado polo ciclo lineal de **tomar, producir e tirar**, que converteu ás cidades en grandes consumidoras de recursos e, ao mesmo tempo, en importantes xeradoras de residuos.

Co paso do tempo, esta visión comezou a ser reconsiderada ao poñerse de manifesto unha serie de problemas ambientais de grande relevancia que afectan de maneira directa á calidade de vida da cidadanía e ao equilibrio dos ecosistemas. Neste contexto, as administracións públicas asumiron un papel esencial na promoción de políticas de prevención, reutilización e reciclaxe, orientadas a avanzar cara a un modelo de xestión máis sostible baseado nos principios da economía circular.



CONCELLO DE TEO

Neste sentido, a **Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, establece no seu artigo 25 que os concellos exercerán, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, a xestión dos residuos sólidos urbanos. Así mesmo, o artigo 86 do citado texto legal reserva expresamente ás entidades locais a recollida, transporte e tratamento dos residuos.

Paralelamente, a **Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular**, no ámbito estatal, e a **Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia**, no ámbito autonómico, desenvolven e concretan este marco competencial, establecendo os principios reitores da política de residuos baseados na prevención, na redución da xeración de residuos, na reutilización, na reciclaxe e na valorización material, así como na responsabilidade ampliada do produtor e na promoción da economía circular.

Estas normas atribúen ás entidades locais un papel fundamental na organización e prestación dos servizos de recollida e xestión dos residuos municipais, facultándoas para aprobar os correspondentes programas e instrumentos de planificación, así como para establecer as ordenanzas e regulacións necesarias para garantir unha correcta xestión dos residuos no seu ámbito territorial.

En atención a este marco normativo, o Concello de Teo promove unha política municipal orientada á mellora da xestión dos residuos municipais e ao impulso dun modelo baseado na prevención, na redución da xeración de residuos, na reutilización e na reciclaxe, en consonancia cos principios da economía circular e da sustentabilidade ambiental.

Neste contexto, a presente ordenanza ten por finalidade regular a prestación do servizo municipal de xestión de residuos no termo municipal de Teo, adaptándoa á normativa sectorial vixente e ás necesidades do modelo de xestión que o Concello pretende implementar.

Así mesmo, o Concello de Teo aposta decididamente por avanzar cara a unha sociedade do reciclado, que permita acadar un elevado nivel de eficiencia na utilización dos recursos e cumprir cos obxectivos establecidos pola normativa estatal e autonómica en materia de residuos, particularmente no relativo **á porcentaxe mínima de reciclaxe das fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresíduos e outras fraccións reciclables**.

No que respecta á estrutura desta ordenanza, o texto organízase nun título preliminar, tres títulos numerados, varias disposicións adicionais e unha disposición transitoria, nas que se desenvolve o réxime xurídico aplicable á xestión dos residuos municipais no Concello de Teo.



CONCELLO DE TEO

No **título preliminar** recóllense as disposicións xerais da ordenanza, relativas principalmente ao seu obxecto, ámbito de aplicación, competencias municipais, obrigas xerais das persoas usuarias, dereitos da cidadanía e prohibicións básicas en materia de xestión de residuos.

O **Título I**, dedicado á xestión dos residuos municipais, establece o marco xeral de clasificación, titularidade e responsabilidades asociadas aos residuos xerados no termo municipal. Neste título inclúense as disposicións relativas á definición de residuos domésticos ou municipais, ao seu depósito e á súa clasificación en residuos ordinarios e non ordinarios ou especiais. Así mesmo, recóllense as obrigas e responsabilidades dos produtores e posuidores de residuos, as prohibicións en materia de depósito e manipulación e o rexistro das actividades de xestión de residuos municipais.

O **Título II** regula a recollida dos residuos municipais e estrutúrase en dous capítulos diferenciados. No **capítulo I** establécense as disposicións relativas á recollida dos residuos municipais ordinarios, regulando o funcionamento do servizo municipal de recollida selectiva, as operacións comprendidas neste servizo, a programación dos servizos e as modalidades de recollida aplicables tanto aos residuos procedentes dos domicilios e pequenos produtores como aos xerados por medianos e grandes produtores.

No **capítulo II** regúlase a recollida dos residuos municipais non ordinarios ou especiais, incluíndo as distintas modalidades de recollida existentes, tales como o punto limpo ou o servizo municipal especial de recollida. Neste capítulo establécense tamén disposicións específicas para determinadas tipoloxías de residuos, entre as que destacan os residuos voluminosos, os animais de compañía mortos, os residuos procedentes de obras menores, os residuos de poda e xardinería, as pilas e baterías, os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, os medicamentos, os aceites usados, os residuos téxtiles, os residuos sanitarios ou os vehículos abandonados, entre outros.

O **Título III** está destinado ao réxime de infraccións e sancións e estrutúrase en tres capítulos.

No **capítulo I** inclúense as disposicións xerais relativas á responsabilidade polo incumprimento da ordenanza, ás funcións de inspección e vixilancia municipal, ao procedemento de denuncia, ao réxime sancionador e ás obrigas de reposición da legalidade alterada, así como ás medidas de execución subsidiaria e aos traballos en beneficio da comunidade.

O **capítulo II** dedica o seu contido á tipificación das distintas infraccións, clasificándoas en leves, graves e moi graves en función da súa entidade e das consecuencias que poidan derivarse para a saúde pública, o medio ambiente ou o correcto funcionamento dos servizos municipais.

Finalmente, o **capítulo III** establece o réxime sancionador aplicable ás infraccións tipifi-



CONCELLO DE TEO

cadras na ordenanza, determinando as sancións correspondentes, a súa prescrición, os criterios de gradación e a potestade sancionadora municipal.

As **disposicións adicionais** regulan determinados aspectos complementarios da ordenanza, entre os que destacan a obriga de xustificar a correcta xestión dos residuos por parte dos medianos e grandes produtores cando non utilicen os sistemas municipais de recollida, a aplicación das normas de protección da saúde e prevención de riscos laborais, a posibilidade de implantar sistemas específicos de recollida diferenciada para determinadas fraccións de residuos —como plásticos agrícolas, aceites usados, residuos téxtiles, biorresíduos destinados á compostaxe ou sistemas porta a porta— e a facultade de desenvolvemento e interpretación da ordenanza por parte da Alcaldía.

Por último, a **disposición transitoria** establece as regras aplicables á creación e posta en funcionamento do rexistro municipal de xestores de residuos e ao proceso de inscrición das persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan actividades de xestión de residuos no termo municipal.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto e réxime xurídico

A presente ordenanza ten por obxecto regular o depósito, a recollida, o almacenamento, o transporte, a valorización, o tratamento e a eliminación dos residuos domésticos ou urbanos xerados no termo municipal, co fin de garantir as condicións adecuadas de salubridade pública, benestar cidadán, limpeza e ornato do espazo público, contribuíndo á debida protección da saúde das persoas e do medio ambiente.

Así mesmo, esta ordenanza pretende fomentar comportamentos e actitudes encamiñadas a manter o municipio limpo e a promover a prevención na xeración de residuos, a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, de acordo cos principios da economía circular e da sustentabilidade ambiental.

No exercicio das competencias municipais, a presente ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo interpretarse e aplicarse en todo momento de conformidade coa normativa vixente.

O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo previsto na mesma, na lexislación estatal e autonómica aplicable e, en particular, nas disposicións que se recollen no artigo correspondente desta ordenanza e nas súas normas de desenvolvemento.



CONCELLO DE TEO

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Quedan obrigadas ao cumprimento desta ordenanza todas as persoas físicas ou xurídicas que residan, desenvolvan actividades ou depositen residuos domésticos ou urbanos dentro do termo municipal do Concello.

Artigo 3.- Competencias locais

O presente regulamento ten por obxecto regular as actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do Punto Limpo de Teo, ás súas instalacións, elementos e mobiliario.

Artigo 4.- Ámbito lexislativo

A presente ordenanza baséase na normativa básica estatal e autonómica en materia de residuos e protección ambiental, entre a que destacan:

- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

Así mesmo, resultan de aplicación, entre outras, as seguintes disposicións normativas sectoriais:

- Real Decreto 553/2020, de 2 de junio, por el que se regula el traslado de residuos en el interior del territorio del Estado
- Real Decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre los vehículos al final de su vida útil
- Real Decreto 712/2025, de 26 de agosto, de neumáticos al final de su vida útil
- Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
- Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición
- Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos
- Decreto 38/2015, de 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia
- Decreto 125/2012, de 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de



CONCELLO DE TEO

depuradora no ámbito agrario en Galicia

Artigo 5.- Obrigas xerais

Os cidadáns están obrigados a:

- a) Reducir o volume dos residuos compactándoos de tal forma que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e colectores.
- b) Separar e segregar os residuos e depositalos nos colectores ou puntos de recollida establecidos para o efecto, de acordo coa presente ordenanza.
- c) Respetar os horarios de depósito e entrega dos residuos establecidos polos servizos municipais.
- d) Comunicar ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía pública ou en espazos públicos, tales como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos de construción e demolición ou calquera outro tipo de residuos.

Artigo 6.- Dereitos e participación da cidadanía

Os cidadáns, e en xeral os produtores ou posuidores de residuos domésticos ou urbanos regulados nesta ordenanza, teñen dereito a:

- a) Recibir a prestación do servizo municipal de recollida de residuos domésticos nos termos establecidos na presente ordenanza.
- b) Recibir información sobre os métodos de redución, reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos, así como sobre os distintos tipos de residuos, colectores ou dispositivos destinados á súa xestión e ao seu destino final.
- c) Dispoñer das instalacións, elementos e procesos que permitan a correcta separación para a reciclaxe das diferentes fraccións de residuos, incluíndo biorresíduos, papel e cartón, vidro, envases lixeiros e outros residuos municipais especiais ou non ordinarios.
- d) Coñecer os horarios, frecuencias e condicións de prestación do servizo de recollida de residuos municipais, así como o funcionamento do punto limpo ou doutros servizos similares.
- e) Contar cun servizo de recollida para residuos municipais non ordinarios ou especiais, nos termos establecidos polo Concello.
- f) Ser informados do custo económico da xestión dos residuos municipais, do uso da taxa correspondente, das porcentaxes de recuperación e reciclaxe das distintas frac-



CONCELLO DE TEO

cións de residuos e, en xeral, de toda aquela información ambiental relativa ao ciclo integral da xestión dos residuos municipais.

g) Presentar solicitudes, reclamacións ou suxestións ao Concello en relación coa prestación do servizo.

h) Denunciar ante os servizos municipais competentes aquelas infraccións das que teñan coñecemento en materia de xestión de residuos. Todas as persoas físicas e xurídicas da Concello de Teo, en relación co cumprimento desta Ordenanza, procurarán unha conduta encamiñada a evitar ensuciar os espazos públicos, podendo poñer en coñecemento da autoridade municipal as infraccións que presencien ou das que teñan un coñecemento certo.

TÍTULO 1.- XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

Capítulo I. Consideracións xerais en torno aos residuos

Artigo 7.- Residuos domésticos ou municipais

1. Terán a consideración de **residuos domésticos ou municipais** aqueles residuos cuxa xestión corresponde ás entidades locais de acordo coa lexislación vixente en materia de residuos e réxime local.
2. En todo caso, considéranse residuos domésticos ou municipais os xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Tamén terán esta consideración aqueles residuos similares aos anteriores xerados en comercios, oficinas, servizos ou industrias, sempre que pola súa natureza ou composición sexan asimilables aos residuos domésticos.
3. Inclúense tamén dentro desta categoría:
 - os residuos xerados nos fogares procedentes de aparellos eléctricos e electrónicos,
 - roupa e produtos téxtiles,
 - pilas e acumuladores,
 - mobles e efectos domésticos,
 - así como os residuos e cascallos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
4. Así mesmo, terán a consideración de residuos domésticos ou municipais:



CONCELLO DE TEO

- os residuos procedentes da limpeza de vías públicas,
 - os xerados en zonas verdes, áreas recreativas e outros espazos públicos,
 - os animais domésticos mortos,
 - e os vehículos abandonados.
5. Para os efectos da presente ordenanza, entenderase que todas as referencias a **residuos domésticos ou urbanos** se corresponden coa denominación de **residuos municipais**, conforme á terminoloxía empregada pola lexislación vixente.

Artigo 8.- Depósito de residuos

1. Os cidadáns están obrigados á separación dos residuos domésticos nos domicilios, industrias e comercios en tantas fraccións como se estableza na presente ordenanza, así como ao seu depósito nos colectores, lugares e horarios establecidos para o efecto.
2. O Concello de Teo levará a cabo a recollida das distintas fraccións de residuos municipais a través das seguintes modalidades:
 - Colectores situados na vía pública para cada fracción de residuos, debidamente identificados.
 - Puntos limpos (O seu funcionamento virá recollido pola ordenanza municipal de Regulamento de funcionamento do punto limpo do concello de Teo publicada no BOP nº12 do dezaseis de xaneiro do ano dous mil seis)
 - Sistemas especiais de recollida.
 - Outros sistemas que, no seu caso, se poidan establecer. Neste sentido, o Concello de Teo poderá implantar experiencias piloto de recollida en sectores ou ámbitos concretos co obxecto de avaliar a súa viabilidade e estudar a súa posible extensión ao conxunto do termo municipal.

Artigo 9.- Clasificación dos residuos municipais e dos produtores

1. En atención ao sistema de recollida selectiva implantado no Concello de Teo, os residuos municipais clasifícanse en:
 - **Residuos municipais ordinarios.**
 - **Residuos municipais non ordinarios ou especiais.**
2. En función da súa orixe, os residuos clasifícanse en:



CONCELLO DE TEO

- **Residuos domiciliarios**, procedentes dos fogares.
 - **Residuos non domiciliarios**, procedentes de actividades comerciais, profesionais, industriais ou de servizos.
3. Para os efectos da presente ordenanza, distínguense os seguintes tipos de produtores de residuos:
- a) **Produtores domiciliarios e pequenos produtores:** Son aqueles que xeran residuos no ámbito do fogar ou en condicións similares. Inclúense tamén nesta categoría aqueles produtores que, no marco dunha actividade económica ou profesional, xeran residuos de escasa entidade ou volume asimilables aos residuos domésticos.
 - b) **Medianos e grandes produtores:** Son aqueles que xeran residuos municipais como consecuencia do exercicio dunha actividade profesional, comercial ou empresarial, ou aqueles que, pola cantidade ou natureza dos residuos xerados, requiren sistemas específicos de recollida ou xestión. O Concello poderá incluír nesta categoría aqueles produtores que, sen exercer actividade económica, xeran cantidades significativas de residuos que non permitan a súa consideración como pequenos produtores.
 - c) **Produtores con sistemas propios de xestión de residuos:** Inclúense nesta categoría aqueles produtores que xeran residuos específicos ou de natureza particular cuxa xestión non se realiza a través do servizo municipal ordinario, senón mediante sistemas de xestión propios, xestores autorizados ou convenios específicos subscritos con organismos públicos ou entidades autorizadas, de conformidade coa normativa vixente en materia de residuos.

Artigo 10. - Residuos municipais ordinarios:

1. Son aqueles producidos como consecuencia da actividade doméstica normal nos fogares, así como os xerados en comercios, oficinas e servizos, sempre que sexan asimilables aos producidos nos fogares.

Tamén se inclúen nesta categoría os residuos procedentes da limpeza viaria, zonas verdes, áreas recreativas, mercados, feiras, actos públicos e outros servizos municipais.
2. Para a súa correcta xestión, estes residuos deberán separarse nas fraccións residuais establecidas na presente ordenanza.

Clasificación das fraccións dos residuos municipais ordinarios:

De conformidade co modelo de xestión de residuos implantado no Concello de Teo, os residuos municipais ordinarios deberán separarse en orixe nas seguintes fraccións:



CONCELLO DE TEO

1. Fracción orgánica (biorresiduos)

Comprende os residuos biodegradables susceptibles de tratamento biolóxico, procedentes da preparación e consumo de alimentos, así como de actividades comerciais de alimentación.

Inclúe, entre outros:

- restos de alimentos
- carnes e peixes
- verduras e froitas
- ósos
- compoñentes celulósicos
- papel ou cartón impregnados de materia orgánica
- pelo ou restos similares

2. Papel e cartón

Inclúe:

- xornais e revistas
- papel de escritura ou impresión
- caixas e embalaxes de cartón

Non se inclúen nesta fracción o papel moeda nin o papel sanitario.

3. Vidro

Comprende os envases de vidro tales como:

- botellas
- tarros
- botes

Deberán depositarse baleiros e sen tapas, cortizas ou tapóns. Non se inclúen os cristais planos nin materiais cerámicos.

4. Envases lixeiros

Considéranse envases lixeiros aqueles envases cunha baixa relación peso-volume destinados a conter, protexer ou presentar produtos.

Inclúe principalmente:

- botellas e botes de plástico



CONCELLO DE TEO

- plástico filme
- latas metálicas
- briks e envases mixtos
- cartón para bebidas

5. Fracción resto

Artigo 11. - Residuos municipais especiais

Terán a consideración de **residuos municipais non ordinarios ou especiais** aqueles residuos municipais que, pola súa natureza, volume, composición ou características, requiren unha recollida diferenciada ou sistemas específicos de xestión distintos aos aplicados aos residuos ordinarios.

Estes residuos deberán ser xestionados mediante os sistemas específicos establecidos polo Concello de Teo, tales como servizos especiais de recollida, puntos limpos ou outros mecanismos que se determinen para garantir a súa correcta xestión ambiental.

Inclúense nesta categoría, entre outros, os seguintes residuos:

- enseres, mobles e residuos voluminosos,
- residuos de poda e xardinería,
- residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE),
- pilas e acumuladores,
- animais mortos na vía pública,
- residuos xerados en actividades temporais ou eventos,
- e outros residuos que, pola súa natureza, requiran unha xestión diferenciada

Recollida de residuos no mercado municipal e outros eventos:

O Concello de Teo establecerá un servizo específico de recollida dos residuos xerados no mercado municipal e noutras actividades municipais que precisen dun servizo específico de recollida. A recollida realizarase o día en que teña lugar a actividade en cuestión, incluíndo os días de celebración do mercado ou feiras ocasionais.

Os residuos xerados deberán depositarse nos colectores habilitados para tal efecto no interior das instalacións do mercado, nun recinto destinado especificamente a este uso e con acceso directo ao exterior.

Estes colectores deberán atoparse en perfecto estado de uso e limpeza, debendo realizarse as tarefas de limpeza e lavado necesarias para garantir as condicións adecuadas de hixiene.



CONCELLO DE TEO

Recollida de animais mortos na vía pública:

Cando se detecte a presenza de animais mortos na vía pública, xa sexa por comunicación da cidadanía, polos servizos municipais ou polos propios servizos de recollida, procederase á súa retirada no prazo máis breve posible.

En todo caso, o tempo máximo para a retirada non poderá superar as vinte e catro horas desde a súa detección ou comunicación.

No caso de que se produza vertedura de fluídos orgánicos ou outras substancias, procederase á limpeza e desinfección do lugar afectado.

Recollida de residuos procedentes de actividades temporais ou itinerantes:

O Concello poderá establecer sistemas específicos de recollida para os residuos xerados en actividades temporais, provisionais ou itinerantes, tales como feiras, circos, festas populares, eventos culturais ou actividades similares.

Nestes casos deberán instalarse os colectores necesarios nas proximidades do lugar onde se desenvolvan estas actividades, co fin de garantir a correcta xestión dos residuos xerados.

A recollida realizarase coa frecuencia necesaria para garantir condicións adecuadas de limpeza e salubridade durante o período de duración da actividade.

Recollida de enseres, mobles e residuos voluminosos:

Considéranse residuos voluminosos aqueles residuos domésticos de gran tamaño que non poden ser depositados nos colectores de recollida ordinaria.

O Concello de Teo establecerá un servizo específico de recollida de enseres e voluminosos, que poderá prestarse mediante recollida domiciliaria previa solicitude da persoa usuaria ou mediante a súa entrega nos puntos limpos municipais.

A cidadanía poderá solicitar este servizo a través dos medios habilitados polo Concello, debendo indicar a natureza e volume aproximado do residuo para facilitar a planificación da recollida.

O Concello determinará os lugares e horarios nos que deberán depositarse estes residuos, procurando que o tempo de permanencia na vía pública sexa o mínimo imprescindible.

O servizo municipal poderá proceder igualmente á retirada de residuos voluminosos depositados indebidamente na vía pública ou nas proximidades dos colectores.



CONCELLO DE TEO

Recollida de residuos de poda e xardinería:

Os residuos vexetais procedentes de poda e xardinería deberán xestionarse mediante os sistemas específicos establecidos polo Concello.

Estes residuos poderán entregarse nos puntos limpos municipais ou recollese mediante servizos específicos habilitados para tal efecto.

O Concello poderá establecer sistemas de recollida previa solicitude da cidadanía ou determinar os lugares e condicións para o seu depósito temporal.

Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE):

Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos terán a consideración de residuos domésticos de acordo coa Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Na lista europea de residuos identifícanse, entre outros, cos seguintes códigos LER:

- 200135*: aparellos eléctricos e electrónicos que conteñen compoñentes perigosos (monitores, televisores, ordenadores portátiles e outros equipos similares).
- 200123*: frigoríficos ou equipos de refrixeración que conteñen gases CFC.
- 200136: aparellos eléctricos e electrónicos sen compoñentes perigosos (pequenos electrodomésticos, teclados, lavadoras, secadoras, lavalouzas, cociñas e outros aparellos similares).

A xestión destes residuos rexerase polo disposto no Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, que establece como prioridade a reutilización dos aparellos antes da súa consideración como residuo ou calquera outra normativa que a complementa e/ou substitúa.

Estes residuos deberán depositarse nos puntos limpos municipais ou nos sistemas específicos de recollida establecidos polo Concello.

En todo caso:

- queda prohibido abandonar estes residuos na vía pública,
- non se permitirá a mestura entre distintos tipos de RAEE nin con outras fraccións de residuos voluminosos,
- deberá fomentarse a súa recollida separada para facilitar a reutilización, reciclaxe e correcta xestión dos compoñentes perigosos que poidan conter.

Outras tipoloxías de residuos:



CONCELLO DE TEO

O Concello de Teo poderá establecer, de acordo coa normativa vixente e cos instrumentos de planificación en materia de residuos, novas tipoloxías de residuos municipais ou sistemas específicos de recollida diferenciada cando resulte necesario para mellorar a prevención, reutilización, reciclaxe ou valorización dos residuos.

En particular, poderán implantarse sistemas específicos de xestión para determinadas fraccións, tales como biorresiduos destinados a compostaxe doméstica ou comunitaria, residuos téxtiles, aceites vexetais usados, residuos perigosos domésticos ou calquera outra fracción que requira unha xestión diferenciada.

A implantación destes sistemas poderá realizarse de maneira progresiva ou mediante experiencias piloto en determinadas zonas do municipio, podendo posteriormente estenderse ao conxunto do termo municipal cando así se determine polo Concello.

Artigo 11.- Titularidade dos residuos:

1. Para todos os efectos, os residuos municipais terán sempre un titular responsable, que poderá ser o produtor, o posuidor ou o xestor dos mesmos.
2. Unha vez entregados os residuos para a súa xestión conforme ás prescricións establecidas nesta ordenanza e na normativa aplicable, o Concello adquirirá a titularidade dos mesmos, quedando os produtores ou posuidores exentos de responsabilidade polos danos que tales residuos puidesen causar, sen prexuízo das responsabilidades que poidan derivarse en caso de incumprimento da normativa vixente ou de mala fe na súa entrega.

Artigo 12.- Obriga e responsabilidades dos produtores e posuidores dos residuos:

1. Os produtores ou posuidores de residuos municipais cuxa xestión corresponda obrigatoriamente ao Concello estarán obrigados a poñelos á súa disposición para proceder á súa reciclaxe, valorización ou eliminación, así como ao pagamento das taxas ou tributos que resulten aplicables de acordo co establecido nas correspondentes ordenanzas fiscais.
2. Mentres os residuos permanezan no seu poder, os posuidores deberán almacenalos en condicións adecuadas de seguridade, hixiene e salubridade, de modo que non supoñan risco para a saúde das persoas nin ocasionen molestias por cheiros, proliferación de insectos, lixiviados, dispersión de residuos ou calquera outra circunstancia similar, cumprindo en todo caso coa normativa sanitaria aplicable.
3. Para garantir a correcta xestión dos residuos e, no seu caso, a súa recollida selectiva, os produtores ou posuidores deberán realizar a separación en orixe das



CONCELLO DE TEO

distintas fraccións residuais establecidas na presente ordenanza, así como dos residuos municipais non ordinarios ou especiais.

4. No caso de que os residuos municipais cuxa xestión corresponda ao Concello sexan entregados a un terceiro non autorizado por este, os posuidores responderán solidariamente con ese terceiro polos danos ou prexuízos que puidesen derivarse, así como polas posibles sancións que se puidesen impoñer.
5. Dos danos que se produzan nas distintas operacións de xestión como consecuencia de mala fe na entrega dos residuos ou da falta de información sobre as características dos mesmos será responsable o produtor ou o axente que efectúase a súa entrega.

Promoción da separación en orixe e recollida selectiva

1. O Concello promoverá a colaboración cidadá para a correcta separación en orixe e recollida selectiva dos residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas dirixidas á poboación en xeral e aos distintos axentes sociais, tales como sectores empresariais, centros educativos, institucións, asociacións veciñais ou comunidades de propietarios.
2. Así mesmo, o Concello elaborará e difundirá guías de boas prácticas destinadas tanto á cidadanía como aos distintos sectores de actividade co obxectivo de fomentar a correcta xestión dos residuos.
3. O Concello fomentará o consumo de produtos fabricados con materiais reutilizables ou reciclables e promoverá o seu uso, especialmente no ámbito da contratación pública de obras, servizos e subministracións.

Artigo 13. – Prohibicións

No marco da presente ordenanza establécense as seguintes prohibicións:

1. Prohibicións xerais

- a. Abandonar, depositar, verter ou eliminar residuos en todo o termo municipal, xa sexa na vía pública, marxes de ríos, praias, estradas ou camiños, así como en solares ou terreos públicos ou privados, de forma incontrolada e incumprindo o disposto nesta ordenanza.
- b. Situar vehículos ou outros elementos diante dos colectores situados na vía pública ou de forma que se dificulte ou impida a súa recollida polos servizos municipais.
- c. Mover ou trasladar os colectores do seu emprazamento habitual, así



CONCELLO DE TEO

como manipular os seus elementos de suxeición ou as súas placas identificativas.

- d. Pegar, adherir ou fixar cartelería, adhesivos, publicidade ou calquera outro elemento nos colectores destinados á recollida de residuos.
- e. Manipular os residuos unha vez depositados nos colectores ou na vía pública nas modalidades de recollida que se realicen directamente sobre ela, como a recollida de voluminosos ou a recollida porta a porta de cartón comercial, así como romper ou abrir bolsas de lixo ou realizar calquera acción que poida provocar a caída ou dispersión dos residuos na vía pública.
- f. Verter ou evacuar residuos sólidos ou líquidos na rede de saneamento ou nas canles públicas, así como instalar trituradoras de residuos conectadas á rede de sumidoiros, sen prexuízo do disposto na normativa municipal reguladora do servizo de saneamento.
- g. Incinerar residuos no termo municipal, salvo nos casos expresamente autorizados pola normativa vixente ou pola autoridade competente. Non se permitirán cremadores ou incineradores domésticos. Exceptúanse as queimas de restos agrícolas ou forestais reguladas pola normativa autonómica en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. Presentación dos residuos e utilización dos colectores

Queda expresamente prohibido:

- a. Depositar bolsas ou residuos fóra dos colectores ou directamente na vía pública. Os residuos de pequena entidade deberán depositarse nas papeleiras.
- b. Depositar residuos ordinarios sen realizar a correspondente separación nas fraccións establecidas ou introducilos en colectores destinados a outras fraccións de residuos.
- c. Depositar residuos en colectores non homologados ou non autorizados polo Concello.
- d. Depositar residuos en colectores destinados a uso exclusivo cando non se sexa titular ou usuario autorizado dos mesmos.
- e. Introducir nos colectores residuos voluminosos, animais mortos, residuos de construción e demolición ou calquera outro residuo que poida provocar



CONCELLO DE TEO

danos nos colectores ou nos vehículos de recollida.

- f. Depositar nos colectores situados na vía pública residuos definidos como especiais ou non ordinarios nesta ordenanza.
- g. Depositar residuos líquidos ou susceptibles de licuarse que poidan producir lixiviados, así como materiais en combustión ou que conteñan substancias inflamables, explosivas, nocivas ou perigosas.
- h. Depositar residuos de papel ou cartón na vía pública, salvo no caso dos establecementos adheridos ao sistema específico de recollida comercial.
- i. Depositar residuos nos colectores sen bolsa ou a granel, ou introducilos dentro de caixas ou paquetes pechados que dificulten a súa correcta recollida.

3. Medianos e grandes produtores de residuos:

Para os medianos e grandes produtores establécense as seguintes prohibicións:

- a. Colocar ou retirar os colectores de uso exclusivo en horarios distintos aos establecidos polo Concello.
- b. Utilizar colectores que non contén coa correspondente placa ou sistema de identificación.
- c. Empregar colectores de uso exclusivo dos que non sexan titulares ou usuarios autorizados.
- d. Utilizar colectores de uso colectivo para o depósito de residuos procedentes de actividades profesionais ou empresariais cando se dispoña de colectores específicos.

4. Residuos de construción e demolición

Queda expresamente prohibido o depósito, abandono ou vertedura de residuos procedentes de obras ou demolicións:

- a. Na vía pública, marxes de ríos, estradas ou camiños, así como en solares ou terreos públicos non autorizados para tal finalidade.
- b. En terreos de propiedade privada sen contar coa correspondente autorización da autoridade competente.

Na ausencia de autorización, os propietarios ou posuidores do terreo responderán solidariamente cos responsables do vertido polos danos causados ao medio ambiente ou



CONCELLO DE TEO

ao espazo público.

5. Animais de compañía

En relación cos animais de compañía, queda prohibido:

- a. Abandonar ou depositar cadáveres ou restos de animais na vía pública, solares ou calquera tipo de terreo público ou privado.
- b. Depositara cadáveres de animais nos colectores de residuos, colectores de obra ou nas súas proximidades, así como nas papeleiras.
- c. Incinerar de forma particular cadáveres de animais.

Artigo 14.- Rexistro das actividades de xestión de residuos municipais

1. As persoas físicas ou xurídicas que realicen de forma habitual no termo municipal operacións de recollida, transporte, almacenamento ou tratamento de residuos municipais cuxa xestión non corresponda obrigatoriamente ao Concello, ou que sendo obrigatoria fosen expresamente autorizadas, así como aquelas que se dediquen á recollida e transporte de colectores de obra, deberán estar inscritas no Rexistro de Xestores de Residuos Municipais.
2. A inscrición realizarase en coordinación cos rexistros que a Administración autonómica teña establecidos para tal fin. Para estes efectos, o Concello promoverá a colaboración coa administración competente co fin de manter actualizado o citado rexistro municipal.
3. A inscrición no Rexistro poderá levar aparelado o pagamento da taxa correspondente, de conformidade co establecido na ordenanza fiscal aplicable.
4. As empresas inscritas deberán comunicar ao Concello, durante o mes de xaneiro de cada ano, a cantidade ou peso dos residuos xestionados durante o ano anterior, indicando a súa tipoloxía.
5. As persoas físicas ou xurídicas que, con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza, veñan desenvolvendo actividades de xestión de residuos no termo municipal deberán solicitar a súa inscrición no rexistro correspondente nos termos establecidos na disposición transitoria aplicable.

Responsabilidade de xestores non autorizados

1. Queda prohibida no termo municipal a realización de calquera actividade de xestión de residuos municipais por parte de persoas físicas ou xurídicas que non consten debidamente inscritas no Rexistro de Xestores de Residuos Municipais



CONCELLO DE TEO

ou que non contén coa correspondente autorización.

2. O Concello poderá, sen prexuízo das sancións que procedan, retirar ou ordenar a retirada, á conta do responsable, de calquera colector ou elemento similar situado na vía pública que estea asociado a unha actividade de xestión de residuos non autorizada.

TÍTULO II. DA RECOLLIDA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS

Capítulo I. Recollida dos residuos municipais ordinarios

Sección 1ª. Servizo municipal de recollida de residuos ordinarios

Artigo 15.- Recollida selectiva xeral de residuos

1. A recollida selectiva dos residuos municipais ordinarios é un servizo municipal de prestación obrigatoria.
2. O Concello de Teo empregará os medios técnicos e organizativos precisos para garantir a recollida diferenciada e segregada das distintas fraccións de residuos depositadas selectivamente pola cidadanía.
3. A frecuencia da recollida será a que determine o Concello en función das necesidades do servizo, das características das distintas zonas do municipio e do sistema de recollida implantado en cada unha delas.
4. O Concello poderá establecer diferentes frecuencias, horarios e modalidades de recollida segundo se trate de áreas de achega multifracción, áreas de achega sinxela ou recollida mediante colectores de uso exclusivo.
5. A recollida realizarase antes de que os colectores acaden a súa capacidade máxima, e preferentemente en horario nocturno segundo a fracción de residuo, as condicións da zona e a organización do servizo.

Artigo 16.- Operacións comprendidas no servizo de recollida selectiva

O servizo municipal de recollida selectiva comprende, cando menos, as seguintes actuacións:

- a. O traslado e baleirado dos colectores ou recipientes de cada fracción nos vehículos de recollida.
- b. A reposición dos colectores nos seus lugares de orixe, debidamente colocados e asegurados.



CONCELLO DE TEO

- c. A retirada dos residuos vertidos na vía pública como consecuencia das operacións de recollida.
- d. O transporte e descarga dos residuos nas instalacións de tratamento, valorización, eliminación ou noutras que determine o Concello.
- e. O mantemento, limpeza, lavado, desinfección e reposición dos colectores e demais elementos municipais de recollida, agás aqueles de uso exclusivo.
- f. O mantemento, limpeza e conservación dos vehículos adscritos ao servizo.

Artigo 17. Outras recollidas específicas de residuos ordinarios

O Concello poderá establecer, directamente ou mediante convenios de colaboración, sistemas específicos de recollida para determinados xeradores singulares ou para fraccións concretas de residuos ordinarios.

Isto poderá incluír sistemas porta a porta ou similares, que o Concello deberá regular especificamente acorde á normativa vixente.

Artigo 18. Programación dos servizos

1. O Concello fará pública, coa antelación suficiente, calquera modificación relativa á frecuencia, horarios ou forma de prestación dos servizos de recollida.
2. Exceptúanse do disposto no apartado anterior as medidas adoptadas en situacións de emerxencia, urxencia ou forza maior.

Sección 2ª. Recollida de residuos domiciliarios e de pequenos produtores

Artigo 19. Sistema de recollida en colectores de uso colectivo

1. A recollida das distintas fraccións de residuos ordinarios procedentes dos fogares e dos pequenos produtores realizarase, con carácter xeral, mediante o seu depósito en colectores de uso colectivo situados nas áreas de achega distribuídas polo termo municipal.
2. Cada fracción deberá depositarse no colector específico destinado para tal fin.
3. Distínguense os seguintes tipos de áreas de achega:
 - a. **Áreas de achega multifracción**, situadas preferentemente en zonas de



CONCELLO DE TEO

maior densidade de poboación ou en localizacións estratéxicas, e integradas polos colectores correspondentes ás distintas fraccións de recollida selectiva.

- b. **Áreas de achega sinxela**, situadas preferentemente en zonas de poboación dispersa, vivendas illadas ou lugares nos que non resulte operativa a implantación dun sistema multifracción.
4. O Concello poderá implantar outros sistemas de recollida en determinadas zonas do municipio por razóns urbanísticas, organizativas, ambientais, de eficiencia ou minimización do impacto visual.
5. O Concello poderá ampliar a tipoloxía de colectores ou puntos de depósito para novas fraccións de residuos municipais.
6. O Concello realizará os labores de conservación, mantemento, limpeza, lavado e desinfección dos colectores de uso colectivo e dos espazos que ocupan.
7. Igualmente, procederase á reposición dos elementos deteriorados ou desaparecidos cando resulte necesario para o correcto funcionamento do servizo

Artigo 20. Recollida de residuos e localización de colectores en novas edificacións, urbanizacións e implantacións

1. Nos proxectos de urbanización, novas implantacións, actuacións edificatorias ou actividades que comporten incremento da produción de residuos, deberá preverse a localización, número e tipoloxía dos colectores ou sistemas de recollida necesarios.
2. Será preceptivo o informe do servizo municipal competente en materia de residuos cando así o determine a normativa urbanística ou municipal aplicable.
3. Os custos derivados da ampliación de dotacións, da implantación de novos colectores ou das obras necesarias para a súa instalación poderán ser asumidos polo promotor da actuación, nos termos previstos na normativa aplicable.

Artigo 21. Presentación dos residuos ordinarios e normas de utilización dos colectores de uso colectivo

1. As fraccións orgánica e resto depositaranse en bolsas pechadas, resistentes e axeitadas, co fin de evitar derrames, dispersións e molestias.
2. As fraccións de papel e cartón, vidro e envases lixeiros depositaranse sen bolsa nos colectores correspondentes, nas condicións que determine o Concello.



CONCELLO DE TEO

3. O papel e cartón deberá depositarse pregado ou encartado; os envases de vidro e os envases lixeiros deberán estar baleiros.
4. Para cada fracción de residuos utilizarase o colector correspondente.
5. Deberán empregarse preferentemente os colectores máis próximos ao lugar de produción dos residuos.
6. Se un colector se atopase cheo, os residuos deberán depositarse noutro colector próximo da mesma fracción, evitando o seu abandono no exterior.
7. Os residuos que, polas súas dimensións, poidan compactarse, encartarse ou reducir o seu volume deberán ser preparados previamente para ocupar o menor espazo posible.
8. Deberán respectarse os horarios e demais condicións de depósito establecidos polo Concello.

Artigo 22. Horarios de depósito

1. O Concello poderá establecer horarios específicos para o depósito das distintas fraccións de residuos ordinarios.
2. Cando non exista determinación expresa, o depósito realizarase conforme ás condicións xerais de uso do servizo.
3. Os establecementos adheridos a sistemas específicos de recollida deberán respectar os días, horarios e condicións que se establezan para cada modalidade.

Sección 3ª. Servizo de recollida ordinaria de medianos e grandes produtores

Artigo 23. Formas de recollida para medianos e grandes produtores

1. Os medianos e grandes produtores poderán ser de sistemas específicos que determine o Concello.
2. Para as fraccións orgánica e resto poderá esixirse o uso de colectores exclusivos ou, cando non sexa viable, a recollida porta a porta.
3. Para as demais fraccións ordinarias poderá establecerse, no caso de ser necesario, a recollida porta a porta ou outros sistemas diferenciados.
4. Os medianos e grandes produtores, no caso de que teñan colectores exclusivos ou sistemas diferenciados, non poderán empregar os colectores de uso colectivo situados na vía pública, agás autorización expresa do Concello.

Os colectores exclusivos colocaranse suxeitos a normativa específica e os seus



CONCELLO DE TEO

responsables terán as seguintes obrigas:

- a) Respetar os horarios de colocación e retirada.
- b) Colocalos de forma que non dificulten o tránsito peonil nin rodado.
- c) Mantelos en adecuadas condicións de limpeza, conservación e uso.
- d) Evitar a súa deterioración e deixar limpa a superficie ocupada na vía pública.
- e) Cumprir as demais condicións establecidas na presente ordenanza e nas instrucións municipais de desenvolvemento.

Capítulo II. Recollida dos residuos municipais non ordinarios ou especiais

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 24.- Concepto de residuos municipais non ordinarios ou especiais

1. Terán a consideración de residuos municipais non ordinarios ou especiais aqueles que, pola súa composición, volume, cantidade, natureza ou características, dificulten ou imposibiliten a súa recollida, segregación, manipulación ou valorización polos sistemas ordinarios.
2. Estes residuos requiren unha xestión diferenciada, ben por comprometer a recuperación doutras fraccións, ben por poder supoñer un risco para a saúde das persoas ou para o medio ambiente.

Artigo 25.- Tipoloxías de residuos non ordinarios ou especiais

1. **Terán esta consideración, entre outros, os seguintes residuos:**
 - a) residuos de obras menores de construción e reparación domiciliaria;
 - b) mobles, aveños, enseres e residuos voluminosos;
 - c) animais de compañía mortos;
 - d) vehículos abandonados;
 - e) pneumáticos;
 - f) baterías, pilas e acumuladores;
 - g) residuos de aparellos eléctricos e electrónicos;
 - h) aceites usados;
 - i) cristais planos;



CONCELLO DE TEO

- j) palés de madeira, chatarras e outros materiais asimilables;
 - k) alimentos envasados caducados;
 - l) roupa usada e residuos téxtiles;
 - m) residuos sanitarios domésticos ou aqueles residuos sanitarios que, de acordo coa normativa aplicable, poidan integrarse no ámbito municipal;
 - n) medicamentos caducados e os seus envases;
 - o) envases de produtos fitosanitarios, cando proceda;
 - p) residuos domésticos perigosos, tales como fluorescentes, radiografías, pinturas, vernices, disolventes, sprays, tóneres, filtros de aceite e outros de natureza semellante.
2. Esta relación poderá ser ampliada polo Concello cando se incorporen novas tipoloxías de residuos de competencia municipal ou cando resulte necesario implantar sistemas específicos de recollida diferenciada.
3. A recollida destes residuos poderá realizarse a través de:
- a) puntos limpos fixos ou móbiles;
 - b) servizos especiais de recollida;
 - c) colectores específicos situados na vía pública;
 - d) colectores instalados en establecementos, centros ou locais colaboradores;
 - e) calquera outro sistema que determine o Concello.

Artigo 26.- Punto limpo

Os puntos limpos son instalacións municipais destinadas á recollida separada de determinadas tipoloxías de residuos municipais non ordinarios ou especiais. orresponde ao Concello a determinación do número, localización, horarios, condicións de uso e sistema de xestión dos puntos limpos. O seu uso e normativa está regulado por unha ordeanza específica reguladora do punto limpo do Concello de Teo.

Sección 2ª. Servizo municipal especial de recollida

Artigo 27. – Definición

1. O Concello poderá poñer á disposición da cidadanía un servizo municipal especial de recollida para facilitar a retirada de residuos non ordinarios ou especiais.
2. Este servizo prestarase nos termos, horarios, condicións e canles de solicitude



CONCELLO DE TEO

que se establezan polo Concello.

Artigo 28. Solicitude e condicións do servizo

1. A solicitude poderá realizarse por teléfono ou por calquera outro medio habilitado polo Concello.
2. A persoa solicitante deberá indicar, cando menos, a súa identidade, domicilio, forma de contacto e unha descrición dos residuos obxecto da recollida.
3. O Concello poderá establecer límites de volume, cantidade, frecuencia ou tipoloxía dos residuos admisibles en cada servizo.
4. Corresponderá á persoa usuaria depositar os residuos no lugar, data, horario e condicións que lle sexan indicados.

Sección 3ª. Residuos voluminosos

Artigo 29. – Concepto

1. Considéranse residuos voluminosos aqueles residuos municipais que, polo seu tamaño ou características, non poden ser retirados polo servizo ordinario de recollida.
2. Inclúense nesta categoría, entre outros, mobles, colchóns, somieres, sofás, electrodomésticos e outros afeños domésticos.

Artigo 30. Xestión dos residuos voluminosos

1. As persoas que desexen desprenderse destes residuos poderán:
 - a) entregalos nos puntos limpos, nos horarios establecidos; ou
 - b) solicitar o servizo municipal especial de recollida, nos termos que determine o Concello.
2. Queda prohibido o depósito destes residuos na vía pública sen solicitude previa e sen a correspondente autorización ou indicación municipal.

Sección 4ª. Animais de compañía mortos

Artigo 31. – Inclusións e exclusións

1. Terán a consideración de residuos municipais non ordinarios os cadáveres ou restos de animais de compañía.
2. Quedan excluídos desta regulación os cadáveres ou restos de animais proce-



CONCELLO DE TEO

dentes de explotacións gandeiras ou doutras actividades suxeitas a normativa específica, que deberán ser xestionados polos seus titulares conforme á lexislación aplicable.

Artigo 32. - Xestión dos animais de compañía mortos

1. Os propietarios ou posuidores poderán proceder á súa xestión polos medios autorizados pola normativa sectorial ou a través do servizo municipal que, no seu caso, se estableza.
2. O Concello poderá prestar un servizo de recollida, transporte e eliminación destes residuos, mediante solicitude previa da persoa interesada e coas condicións económicas e administrativas que se determinen.
3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das obrigas de comunicación, identificación, baixa ou control sanitario que resulten esixibles por outra normativa.

Artigo 33. - Condicións de entrega

1. Os cadáveres ou restos de animais deberán presentarse en bolsas resistentes, pechadas e de tamaño suficiente.
2. O servizo poderá rexeitar a recollida cando, polas circunstancias do caso, resulte necesario adoptar medidas especiais de prevención ou tratamento.

Artigo 34. - Animais mortos abandonados

1. Calquera persoa poderá comunicar ao Concello a presenza de animais mortos na vía pública ou en espazos públicos.
2. O Concello procederá á súa retirada e xestión conforme á normativa aplicable, sen prexuízo das responsabilidades que poidan corresponder ás persoas titulares ou responsables.

Sección 5ª. – Residuos de construción e demolición procedentes de obras menores

Artigo 35. - Concepto

Terán esta consideración os residuos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria, entendidas como aquelas de escasa entidade construtiva e económica, nos termos previstos na normativa urbanística e sectorial aplicable.

Artigo 36. - Xestión

As persoas que desexen desprenderse destes residuos poderán entregalos nos puntos limpos ou utilizar os servizos especiais de recollida que, no seu caso, estableza o Con-



CONCELLO DE TEO

cello, sen prexuízo das demais obrigas previstas na normativa específica aplicable.

Sección 6ª. – Outras tipoloxías de residuos non ordinarios

Artigo 37. - Residuos de poda e xardinería

1. Os residuos de poda, roza, sega e xardinería deberán xestionarse mediante os sistemas establecidos polo Concello.
2. O Concello poderá regular as cantidades máximas admisibles nos colectores ou puntos de entrega, así como a obriga de utilizar puntos limpos, colectores específicos, servizos especiais ou xestores autorizados en función do volume xerado.
3. Os servizos municipais de xardinería utilizarán exclusivamente os sistemas específicos habilitados para esta fracción.

Artigo 38. - Pilas, acumuladores e baterías

1. As pilas, acumuladores e baterías deberán segregarse do fluxo de residuos ordinarios.
2. O seu depósito realizarase nos colectores específicos situados en centros colaboradores, espazos públicos, puntos limpos ou noutros lugares habilitados para tal fin.
3. O Concello poderá establecer unha rede de centros colaboradores e facilitar os recipientes necesarios para a súa recollida.

Artigo 39. - Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

1. As persoas usuarias poderán desprenderse dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos mediante a súa entrega ao distribuidor, o seu depósito no punto limpo, a utilización dos sistemas específicos de recollida ou a solicitude do servizo especial correspondente.
2. A súa recollida e xestión realizarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.

Artigo 40. - Medicamentos e residuos de envases de medicamentos

1. Os restos de medicamentos, os medicamentos caducados e os seus envases deberán segregarse do fluxo de residuos ordinarios.
2. Deberán depositarse preferentemente nos puntos de recollida habilitados nas oficinas de farmacia ou nos puntos limpos, segundo proceda.



CONCELLO DE TEO

Artigo 41. - Aceites usados

1. Os aceites vexetais usados de orixe doméstica deberán depositarse en envases pechados e nos lugares ou colectores específicos habilitados para tal fin.
2. Os aceites usados poderán tamén entregarse nos puntos limpos, de acordo coas condicións e límites que estableza o Concello.

Artigo 42. - Roupas usada e residuos téxtiles

1. As prendas de vestir, calzado, roupa de fogar e demais residuos téxtiles deberán segregarse do fluxo de residuos ordinarios.
2. O seu depósito realizarase nos colectores específicos, puntos limpos ou a través de sistemas de recollida diferenciada, incluídos os promovidos mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro ou sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor.

Artigo 43. - Residuos sanitarios

1. Os residuos producidos en actividades sanitarias rexeranse pola normativa específica que resulte de aplicación.
2. Os residuos sanitarios que, conforme á normativa vixente, poidan ter a consideración de residuos municipais xestionaranse de acordo co establecido nesta ordenanza.
3. Os residuos sanitarios que deban ser xestionados mediante xestores autorizados quedarán excluídos do servizo municipal ordinario.

Artigo 44. - Vehículos abandonados

1. Os vehículos abandonados que adquiran a condición de residuo municipal serán xestionados polo Concello de conformidade coa normativa específica aplicable.
2. Os custos derivados da retirada, traslado, depósito, tratamento e, no seu caso, limpeza do espazo afectado poderán ser repercutidos á persoa responsable, sen prexuízo das sancións que procedan.

Artigo 45. - Outras tipoloxías de residuos

O Concello poderá impulsar a recollida específica doutras tipoloxías de residuos non ordinarios mediante medios propios, convenios de colaboración, sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor ou calquera outro instrumento previsto na normativa aplicable.



CONCELLO DE TEO

TÍTULO III. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 46.- Responsabilidade

1. As accións ou omisións que vulneren o establecido na presente ordenanza darán lugar á esixencia de responsabilidade administrativa, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.
2. As responsabilidades derivadas do incumprimento desta ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos de aquelas persoas das que se deba responder conforme á lexislación vixente.
3. Cando concorran varias persoas responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha delas na comisión da infracción, a responsabilidade esixirase solidariamente.
4. Cando os danos se produzan como consecuencia de actividades acumuladas imputables a distintas persoas, poderá individualizarse a responsabilidade e os seus efectos económicos sempre que sexa posible determinar o grao de intervención de cada unha.
5. Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, tales como a limpeza, mantemento e conservación de zonas comúns ou a correcta utilización de colectores e recintos compartidos, a responsabilidade poderá esixirse á comunidade de propietarios ou, de non existir esta, ás persoas usuarias ou ocupantes do inmovle.

Artigo 47. Inspección e vixilancia

1. Corresponde ao Concello de Teo, a través dos servizos municipais competentes, da Policía Local e, no seu caso, do persoal inspector ou de vixilancia ambiental, exercer as funcións de inspección, vixilancia e control do cumprimento do disposto nesta ordenanza.
2. A cidadanía e, en xeral, todas as persoas físicas ou xurídicas afectadas por esta ordenanza están obrigadas a prestar a colaboración necesaria nas actuacións de inspección, control, toma de mostras, recollida de información e demais comprobacións que resulten precisas.

Artigo 48. Denuncias

1. Calquera persoa poderá poñer en coñecemento do Concello feitos que poidan constituír infracción do disposto nesta ordenanza.
2. As denuncias deberán conter, na medida do posible, unha descrición dos feitos, o lugar, a data e a hora, así como a identificación da persoa presuntamente res-



CONCELLO DE TEO

ponsable, se for coñecida, e os datos identificativos da persoa denunciante.

3. As actas levantadas polos servizos de inspección ou vixilancia municipal terán valor probatorio de conformidade coa lexislación aplicable, sen prexuízo das probas que poidan achegar as persoas interesadas.

Artigo 49. Réxime sancionador

1. O exercicio da potestade sancionadora en materia de residuos rexerase polo disposto nesta ordenanza, na lexislación básica estatal e autonómica en materia de residuos e na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. Non poderán sancionarse os feitos que fosen xa sancionados penal ou administrativamente nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

Artigo 50. Obriga de reposición, restauración e execución subsidiaria

1. Sen prexuízo da sanción que corresponda, as persoas responsables estarán obrigadas á reposición da realidade física alterada e á restauración da situación anterior, así como, se procede, á indemnización dos danos e perdas causados.
2. Estas obrigas poderán esixirse no propio procedemento sancionador ou nun procedemento complementario.
3. Cando a persoa responsable non cumpra voluntariamente coas obrigas impostas, o Concello poderá acordar a execución subsidiaria ao seu cargo, así como impoñer multas coercitivas nos termos previstos na lexislación de réxime local.
4. Os servizos municipais poderán retirar, sen previo aviso, os residuos, obxectos ou materiais abandonados cando dificulten o paso, afecten á seguridade, á salubridade, ao medio ambiente, ao funcionamento dos servizos públicos ou ao uso normal da vía pública. Os custos derivados da retirada, transporte, depósito, tratamento ou eliminación serán repercutidos á persoa responsable.

Artigo 51. Traballos en beneficio da comunidade

1. Cando a natureza dos feitos e as circunstancias da persoa responsable así o aconsellen, o órgano competente poderá acordar, nos termos legalmente procedentes e coa conformidade da persoa interesada ou do seu representante legal, a substitución total ou parcial das sancións económicas por traballos en beneficio da comunidade.
2. Esta medida poderá aplicarse especialmente nos supostos de actos vandálicos ou danos ao mobiliario e equipamentos municipais vinculados á xestión dos residuos.



CONCELLO DE TEO

CAPÍTULO II. TIPIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS

Artigo 52. – Infraccións

1. Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan o disposto nesta ordenanza.
2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo coa súa entidade, cos danos producidos, co risco xerado para a saúde das persoas, a seguridade, o medio ambiente ou os bens públicos.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves segundo o disposto nos artigos seguintes. No suposto de infracción expresamente sinaladas como leves salvo que, pola súa entidade, merezan a consideración de graves ou moi graves, os criterios para a súa clasificación estarán en función da intensidade:

- da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio de actividades por outras persoas;
- da perturbación causada á salubridade ou ao ornato públicos;
- da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos;
- da perturbación ocasionada no normal funcionamento dos servizos públicos;
- dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos afectos a servizo público dun espazo público.

Artigo 53.- Infraccións leves

Terán a consideración de infraccións leves, sempre que non deban cualificarse como graves ou moi graves, as seguintes:

- a) Depositar residuos fóra dos colectores ou recipientes habilitados, cando pola súa escasa entidade non causen danos relevantes.
- b) Non separar en orixe os residuos nas fraccións establecidas nesta ordenanza.
- c) Depositar residuos en colectores distintos dos destinados á fracción correspondente.
- d) Incumprir os horarios de depósito ou entrega dos residuos.
- e) Depositar residuos sen bolsa cando esta sexa obrigatoria ou facelo de forma que provoque derrames ou dispersión.
- f) Manipular residuos ou abrir bolsas e colectores sen autorización, cando non se produzan danos graves nin risco relevante.



CONCELLO DE TEO

- g) Depositar residuos voluminosos, restos de poda ou residuos especiais sen seguir o procedemento municipal establecido.
- h) Calquera outro incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza que non estea tipificado como grave ou moi grave.

Artigo 54.- Infraccións graves

Terán a consideración de infraccións graves:

- a) Depositar, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada residuos no termo municipal cando non se poña en perigo grave a saúde das persoas nin se produza un dano grave ao medio ambiente.
- b) Obstruír a actividade de inspección, control ou vixilancia municipal.
- c) Achegar datos falsos ou ocultar información sobre a orixe, cantidade ou características dos residuos.
- d) Entregar residuos municipais a persoas ou entidades non autorizadas.
- e) Depositar residuos sanitarios, perigosos, animais mortos ou residuos de construción en colectores de recollida ordinaria.
- f) Depositar residuos voluminosos na vía pública dificultando o tránsito ou sen autorización municipal.
- g) Danar ou inutilizar colectores, papeleiras ou outros elementos do servizo.
- h) Utilizar indebidamente os puntos limpos.
- i) Incumprir de forma relevante as condicións de uso dos colectores ou sistemas de recollida.
- j) Reincidir na comisión dunha infracción leve no prazo dun ano.

Artigo 55.- Infraccións moi graves

Terán a consideración de infraccións moi graves:

- a) Depositar ou abandonar residuos cando se poña en perigo a saúde das persoas ou se produza un dano grave ao medio ambiente.
- b) Depositar residuos perigosos ou sanitarios no sistema municipal de recollida cando xere risco grave.
- c) Facilitar información falsa ou ocultar información esencial que poida provocar riscos graves para a saúde ou o medio ambiente.



CONCELLO DE TEO

- d) Reincidir na comisión dunha infracción grave no prazo dun ano.

Artigo 56.- Prescrición das infraccións

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese.
3. Nos supostos de infracción continuada, o prazo computarase desde a finalización da actividade infractora.
4. A iniciación do procedemento sancionador interromperá a prescrición.

CAPÍTULO III. SANCIONES

Artigo 57.- Sancións

1. As infraccións tipificadas na presente ordenanza serán sancionadas de conformidade co disposto na lexislación básica estatal en materia de residuos e, en particular, na **Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular**.
2. As infraccións leves tipificadas no artigo 53 serán sancionadas con multa de ata **2.000 euros**, agás nos supostos previstos na normativa básica para residuos perigosos ou solos contaminados.
3. As infraccións graves tipificadas no artigo 54 serán sancionadas con multa de **2.001 ata 100.000 euros**, agás nos supostos previstos na normativa básica para residuos perigosos ou solos contaminados.
4. As infraccións moi graves tipificadas no artigo 55 serán sancionadas con multa de **100.001 ata 3.500.000 euros**, agás nos supostos previstos na normativa básica para residuos perigosos ou solos contaminados.
5. Cando a contía da multa resulte inferior ao beneficio obtido pola comisión da infracción, a sanción poderá ser incrementada ata o límite legalmente permitido, de maneira que a infracción non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento da norma.

Artigo 58.- Prescrición das sancións

1. As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por



CONCELLO DE TEO

infraccións graves aos tres anos e as impostas por infraccións moi graves aos cinco anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorre o prazo para recorréla.
3. A prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel permanecese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.

Artigo 59.- Gradación das sancións

1. As sancións imponse atendendo, entre outros, aos seguintes criterios:
 - a) A gravidade da infracción.
 - b) O prexuízo ou dano causado.
 - c) O beneficio obtido.
 - d) A intencionalidade ou grao de culpabilidade.
 - e) A reiteración.
 - f) A reincidencia.
 - g) As circunstancias da persoa responsable.
 - h) A persistencia na conduta infractora.
2. Na imposición da sanción terase en conta, en todo caso, que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 60.- Potestade sancionadora

1. A potestade sancionadora na materia regulada nesta ordenanza corresponderá ao órgano municipal competente, de conformidade coa lexislación básica estatal, a normativa autonómica aplicable e a normativa de réxime local.
2. No ámbito municipal, a competencia para a incoación e resolución dos procedementos sancionadores corresponderá á **Alcaldía do Concello de Teo** ou ao órgano en quen delegue, de conformidade coa normativa vixente.



CONCELLO DE TEO

Artigo 61.- Publicidade das sancións

O órgano competente para sancionar poderá acordar, cando concorran razóns de interese público e nos termos previstos na lexislación aplicable, a publicación das sancións firmes impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira.- Xustificación da xestión de residuos dos medianos e grandes produtores

Os medianos e grandes produtores que non se acollan aos sistemas municipais de recollida establecidos ou non depositen os residuos municipais en colectores de uso exclusivo ou noutros sistemas habilitados para tal fin deberán presentar ante o Concello de Teo xustificante da entrega dos mesmos a xestor autorizado, de conformidade coa normativa vixente.

Disposición adicional segunda.- Protección da saúde e prevención de riscos laborais

A aplicación desta ordenanza realizarase sen prexuízo do disposto na normativa vixente en materia de protección da saúde, seguridade e prevención de riscos laborais.

Disposición adicional terceira.- Sistemas específicos de recollida e novas fraccións

O Concello de Teo poderá habilitar, directamente ou en colaboración con outras administracións, entidades autorizadas ou sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor, sistemas específicos de recollida diferenciada para determinadas tipoloxías de residuos, tales como plásticos agrícolas, aceites usados, residuos téxtiles, biorresiduos destinados a compostaxe, así como sistemas porta a porta ou calquera outra modalidade de recollida que resulte axeitada.

Así mesmo, poderá establecer os lugares, condicións técnicas, frecuencias, requisitos de utilización e demais normas de funcionamento destes sistemas, de conformidade coa normativa vixente e cos instrumentos de planificación en materia de residuos.

A implantación destes sistemas poderá realizarse de forma progresiva, con carácter xeral ou mediante experiencias piloto en determinadas zonas do municipio, podendo posteriormente estenderse ao conxunto do termo municipal.

Disposición adicional cuarta.- Desenvolvemento e interpretación

A Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas competencias, poderá interpretar, aclarar e ditar as instrucións necesarias para a correcta aplicación e desenvolvemento dos preceptos establecidos na presente ordenanza.



CONCELLO DE TEO

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.- Rexistro de xestores e inscrición

No prazo máximo de seis meses contados desde a entrada en vigor da presente ordenanza, o Concello de Teo poderá constituír o Rexistro de Xestores de Residuos Municipais.

No mesmo prazo, todas as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de xestión de residuos no termo municipal e estean suxeitas á obriga de inscrición deberán solicitar a súa inscrición de conformidade co disposto nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais contradigan o disposto nesta ordenanza.

A presente Ordenanza prevalecerá, no ámbito das competencias municipais en materia de residuos, sobre calquera outra normativa sectorial municipal que se opoña, contradiga ou resulte incompatible co disposto nela, agás aquelas que teñan rango superior ou sexan de aplicación preferente por mandato legal.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro e definitivo no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz